

**CONVOCATORIA DO CONCURSO DE IMAXES GRÁFICAS E PEZAS  
AUDIOVISUAIS, CON MOTIVO DO 25 DE NOVIEMBRO  
"DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO"**

Con motivo da celebración do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero e a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa convocan un Concurso de imaxes gráficas e pezas audiovisuais para o ano 2025.

**OBXECTO DO CONCURSO**

O obxecto do concurso é a realización de traballos, consistentes en imaxes gráficas e pezas audiovisuais, con motivo do 25 de novembro, "Día Internacional contra a Violencia de Xénero", coa finalidade de promover a reflexión sobre a loita contra a violencia de xénero dentro dos centros educativos de Galicia, a través dunha acción que fomente a participación cidadá no rexeitamento público e frontal contra a violencia de xénero e de sensibilizar sobre a importancia de valores como o respecto e a igualdade entre mulleres e homes.

Os traballos (imaxes gráficas e pezas audiovisuais) que resulten gañadores en cada categoría poderán ser utilizados pola Xunta de Galicia na conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero ou en calquera outra acción ou accións de sensibilización contra esta violencia.

**BASES DO CONCURSO**

**1. Participantes**

1.1 Poderá participar no concurso calquera centro educativo de ensino non universitario que imparta ensinanzas de primaria, ESO, bacharelato, formación profesional e ensinanzas especiais de artes plásticas e deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.2 En canto á participación do alumnado, os traballos poderán realizarse individualmente ou en grupo, a través de equipos constituídos por unha persoa docente e por un máximo de 8 alumnos e alumnas. Coa finalidade de promover o traballo colaborativo, valorarase que a elaboración das imaxes gráficas e pezas audiovisuais formen parte dun traballo global, que integre a sensibilización e a valoración crítica da resposta colectiva ante a violencia de xénero. Procurarase que no alumnado participante exista unha representación equilibrada de nenos e nenas.



1.3 En canto á participación do profesorado, os traballos deberán estar titorizados por unha persoa do Claustro, que guiará ao alumnado participante e procurará a finalidade educativa da actividade.

## 2. Categorías e modalidades de participación

2.1 Establécense as seguintes categorías de participación:

- 1ª Categoría: alumnado de 5º e 6º de educación primaria, de 1º e 2º de educación secundaria obrigatoria (ESO) e de educación especial.
- 2ª Categoría: alumnado de 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria (ESO), de 1º e 2º de bacharelato (BAC), de FP básica, de ciclos de grao medio e de ciclos de grao superior.
- 3ª Categoría: alumnado das ensinanzas especiais de artes plásticas e deseño.

2.2 Establécense as seguintes modalidades de participación:

- Modalidade "Imaxe gráfica": consiste na realización dun traballo gráfico (cartel, cómic, ilustración, debuxo...).
- Modalidade "Peza audiovisual": consiste na realización dun traballo audiovisual (curtas, videoclips, performances, flashmob, danza, videopoemas, textos recitados...).

**2.3 Cada centro educativo poderá presentar só un traballo en cada categoría e modalidade de participación.** Os centros que impartan distintas etapas educativas poderán participar en varias, sempre e cando propoñan **un único traballo por categoría e modalidade.**

## 3. Temática

O contido dos traballos deberá enviar unha mensaxe, clara e rotunda, que incida na reflexión contra a violencia de xénero, promovendo a erradicación desta violencia e poñendo o foco na prevención, na detección precoz e na intervención, de xeito que o traballo realizado contribúa a amplificar a mensaxe do NON á violencia de xénero, facéndoa chegar a todas partes.

A tal efecto, cada centro participante poderá realizar unha imaxe gráfica ou unha peza audiovisual, coa súa propia versión do NON e utilizando unha técnica libre, na que se transmita esa mensaxe, clara e rotunda, en contra da violencia machista, sen ningún xénero de dúbida.



#### 4. Características técnicas e requisitos dos traballos

4.1 A técnica e o estilo dos traballos serán libres, debendo respectar as seguintes características:

##### 4.1.1 Modalidade "Imaxe gráfica":

- a) Os traballos gráficos (cartel, cómic, ilustración, debuxo...) realizaranse en formato horizontal ou vertical, coas medidas DIN A3 (42 por 29,7 cm).
- b) O traballo deberá estar dispoñible en formato papel e en formato electrónico, coa extensión JPG ou PDF.

##### 4.1.2 Modalidade "Peza audiovisual":

- a) Os traballos audiovisuais (curtas, videoclips, performances, flashmob, danza, videopoemas, textos recitados ...) realizaranse en formato libre e a través de calquera medio: móbil, tableta ou cámara. Non poderán ter unha duración superior a 2.30 minutos. O formato empregado adecuarase aos admitidos por Youtube e Facebook.
- b) O traballo debe estar dispoñible nun enlace de descarga (Xuntarquivos, Wetransfer, Dropbox, Box, etc).

4.2 Todos os traballos deberán incluír obrigatoriamente a frase "25 de novembro. Día Internacional contra a Violencia de Xénero", así como un lema en galego relacionado coa loita contra a violencia de xénero e o seu rexeitamento.

4.3 Os traballos deberán presentarse en lingua galega e coidarán a calidade lingüística do produto final.

4.4 As composicións e os slogans, así como todo o traballo no seu conxunto, deberán ser orixinais e inéditos, non poderán incluír imaxes ou música con dereitos de autoría e non poderán empregar imaxes ou nomes que identifiquen marcas comerciais ou persoas recoñecidas no ámbito público.

4.5 Os traballos non poderán incluír en ningún caso o nome do/da autor/a, o nome do profesorado que o titorizou nin o nome do centro educativo, así como calquera outra referencia que permita identificar a súa autoría, sen prexuízo que posteriormente ao fallo do xurado se poidan incluír os títulos de crédito que se considere.

4.6 Os traballos que non cumpran as características técnicas e os requisitos previstos nestas bases quedarán excluídos do concurso. Tampouco serán tidos en



conta aqueles traballos cuxo tema non sexa o sinalado nestas bases ou que non fosen realizados baixo a titorización do profesorado do centro educativo.

## 5. Prazo de presentación

Os centros que desexen participar neste concurso poderán facelo dende o día seguinte ao de publicación das bases nas páxinas web da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa ata o día **7 de novembro de 2025, ás 15:00 horas**.

## 6. Forma de envío dos traballos

### 6.1 Modalidade "Imaxe gráfica":

a) Os traballos da modalidade imaxe gráfica deberán remitirse por correo ordinario en sobre pechado ao seguinte enderezo: Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, edificio administrativo San Lázaro s/n - 15781 Santiago de Compostela, facendo constar no sobre "Concurso 25 de novembro - Imaxe gráfica".

b) Dentro do sobre debe incluírse o traballo realizado e unha ficha técnica (segundo o modelo do anexo I destas bases) coa seguinte información:

- Modalidade na que participa
- Categoría na que participa
- Etapa educativa e curso escolar
- Nome e apelido do/a autor/a ou autores/as
- Docente que titorizou o traballo
- Código e nome do centro
- Teléfono de contacto
- Enderezo electrónico de contacto
- Memoria breve, na que se explique como se realizou o traballo e, o máis importante, na que se expoña o significado que se procura transmitir a través da composición realizada (máx. 1.000 palabras).

c) Simultaneamente, os centros tamén deberán enviar o traballo e a ficha técnica á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, en formato PDF ou JPG, empregando o formato que mellor garanta a calidade das imaxes, ao seguinte enderezo electrónico: [premios25n.igualdade@gmail.com](mailto:premios25n.igualdade@gmail.com). Esta forma de envío non exime aos centros de entregar os traballos por correo ordinario, tal e como se indica no apartado a).

### 6.2 Modalidade "Peza audiovisual":



Os traballos da modalidade audiovisual remitiranse por correo electrónico a [premios25n.igualdade@gmail.com](mailto:premios25n.igualdade@gmail.com), a través dunha ligazón de descarga (Xuntarquivos, Wetransfer, Dropbox, Box, etc.), incluíndo no correo electrónico unha ficha técnica (segundo o modelo do anexo I destas bases), co nome "Concurso 25 de novembro – Audiovisual", e na que debe constar a seguinte información:

- Modalidade na que participa
- Categoría na que participa
- Etapa educativa e curso escolar
- Nome e apelido do/a autor/a ou autores/as
- Docente que titorizou o traballo
- Código e nome do centro
- Teléfono de contacto
- Enderezo electrónico de contacto
- Memoria breve, na que se explique como se realizou o traballo e, o máis importante, na que se expoña o significado que se procura transmitir a través da composición realizada (máx. 1000 palabras).

## 7. Premios

7.1. Concederanse dous premios por cada categoría e modalidade de participación.

7.2 O Xurado poderá conceder premios compartidos, accésit ou declarar o premio deserto.

7.3. Os premios consistirán nun cheque regalo para investir no comercio local en material didáctico, deportivo ou tecnolóxico, para cada un dos alumnos e alumnas integrantes do equipo gañador, valorado en 100€ e en 50€, respectivamente, para o primeiro e segundo premio, así como nun lote de libros para o centro.

7.4. Os traballos premiados poderán ser utilizados con motivo da conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero así como en calquera outro evento ou publicación. A Xunta de Galicia resérvase a facultade de inserir os logos que sexan necesarios, así como de realizar calquera tipo de modificación ou variación dos elementos do deseño para o seu uso e a súa difusión. En todo caso, farase constar sempre a autoría dos traballos.

## 8. Criterios de valoración

Para a selección dos traballos gañadores en cada categoría e modalidade de participación teranse en conta os seguintes criterios de valoración:



a) A transmisión dunha mensaxe clara de rexeitamento fronte á violencia de xénero e a claridade e adecuación da mensaxe aos obxectivos que se promoven de prevención, detección precoz e intervención fronte á violencia de xénero.

b) A calidade técnica, a orixinalidade e a creatividade.

c) A participación activa do alumnado.

## 9. Xurado

9.1 Para o ditame dos premios establecerase un xurado formado por:

- Presidencia: persoa titular da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, ou persoa en quen delegue.
- Vicepresidencia: persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue.
- Vogalías: todas as persoas integrantes da Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista.
- Secretaría: unha persoa que teña a condición de persoal funcionario da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, que actuará con voz pero sen voto.

9.2 Para asegurar a máxima imparcialidade, o xurado non coñecerá a identidade das persoas participantes no concurso. A Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero fará chegar os traballos ao xurado e custodiará a documentación que identifique o centro e as persoas autoras dos traballos ata que se resolva o concurso.

9.3 Para que o xurado se constitúa e poida celebrar as sesións correspondentes precisarase quórum da maioría das persoas integrantes.

9.4 Os acordos adoptaranse por maioría simple das persoas asistentes e, no caso de empate, decidirá o voto da presidencia.

9.5 O ditame do xurado será inapelable, tendo ademais as facultades de interpretar as bases e determinar as normas do seu funcionamento.

## 10. Entrega de premios

O xurado recoñecerá o valor dos traballos finalistas, do alumnado e do profesorado encargado de supervisar e titorizalos, nun acto público onde se fará entrega do primeiro e segundo premio en cada unha das categorías e modalidades. O lugar, a data e a hora faranse públicos nas páxinas web Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia,



Universidades e Formación Profesional e no portal da Consellería de Política Social e Igualdade.

## 11. Aceptación das bases

A participación no concurso implica a aceptación íntegra e incondicional destas bases.

## 12. Cesión de dereitos de reprodución, difusión e exposición

12.1 A participación neste concurso leva implícita a cesión de dereitos de reprodución, difusión e exposición dos traballos premiados; así como o dereito a retirar todos os demais traballos que non resultaron premiados.

12.2 En todo caso, sempre que se utilice algún dos traballos premiados cos fins previstos nestas bases, nel figurará o nome do centro educativo que o elaborou.

12.3 En cumprimento da normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten, serán utilizados con fins de comunicación nas distintas fases do concurso e en ningún caso serán utilizados con outra finalidade diferente á indicada nestas bases.

12.4 Os centros participantes serán os responsables últimos de garantir o pleno respecto da normativa vixente de materia de protección de datos persoais do alumnado menor de idade que participe ou se vexa exposto nos produtos presentados a este concurso. Garantirase que a reprodución da imaxe de menores estará sempre autorizada con anterioridade conforme a normativa.

12.5 En calquera caso, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante comunicación á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero. Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15781, Santiago de Compostela, ou no enderezo de correo electrónico [vx.igualdade@xunta.gal](mailto:vx.igualdade@xunta.gal).

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela.

Directora Xeral de Ordenación e  
Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

Director Xeral de Loita contra a Violencia  
de Xénero

Roberto Barba Alvedro



## ANEXO I

### CONCURSO DE IMAXES GRÁFICAS E PEZAS AUDIOVISUAIS

25 DE NOVIEMBRO

“DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”

- MODALIDADE NA QUE PARTICIPA
- CATEGORÍA NA QUE PARTICIPA
- ETAPA EDUCATIVA E CURSO ESCOLAR
- NOME E APELIDO DO/A AUTOR/A OU AUTORES/AS
- DOCENTE QUE TITORIZOU O TRABALLO
- CÓDIGO E NOME DO CENTRO
- TELÉFONO DE CONTACTO
- ENDEREZO ELECTRÓNICO DE CONTACTO
- BREVE MEMORIA (máximo 1.000 palabras)

